As mulleres no xornalismo galego: A crónica revelada

COORDINACIÓN

Eliana Martíns Alvela

AUTORAS

Noemí Alonso Rodríguez
Ángela Casal Fernández
Ana González Liste
Eliana Martíns Alvela
Natalia Puga López
Carmen Quintela Babío
Belén Regueira Leal
Sonia Vizoso Pérez

AGRADECEMENTOS

Rita Alonso
Isabel Bravo
Pilar Fariña
Ujué Foces
Cristina Huete
Margarita Ledo
Cristina Lombao
Carmen Merelas
Tareixa Navaza
Concha Pino
María Xosé Porteiro
María Rey
Ana Romaní

FOTOGRAFÍAS

Lucía Junquera Pazos
(excepto as acreditadas a outra autoría no pé de foto)

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Laura de Cibreiro

Esta publicación recibiu o VI Premio "Luísa Villalta" a proxectos pola igualdade 2024 da Deputación da Coruña

XUNTA DE GOBERNO DO COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA

DECANA
Belén Regueira Leal

VICEDECANA 1ª
Sonia Vizoso Pérez

VICEDECANO 2º
Marcos Sanluis López

VICEDECANO 3º
Francisco X. González Sarria

SECRETARIO
Darío Janeiro Pereira

TESOUREIRA
Eliana Martíns Alvela

VOGAIS

Noemí Alonso Rodríguez
Ángela Casal Fernández
Jaime Conde Guillade
Ana González Liste
Lucía Junquera Pazos
Valeria Pereiras Reza
Xosé Manuel Pereiro Sánchez
Natalia Puga López
Manuel Rey Pan
Mónica Rosas Conde

Ao longo do libro atoparás nas marxes códigos QR cos que ampliar a información sobre as protagonistas, con contidos externos de interese.


Este é un proxecto vivo que continúa na web **www.xornalistas.gal** que te convidamos a visitar.

Oficina do CPXG

Mª José Cela González
Iván Cuevas Domínguez

ISBN: 978-84-09-73107-7

D.L.: 826-2025



"A gran discriminación nese momento, e que durou bastantes anos, estaba en onde se situaba a muller a nivel de espazos informativos"

Foto — Xulio Gil para OFF Ourense

Margarita Ledo

Por Ana González Liste

"Non sei se teremos forza abondo, pero o camiño pasa por non deixarnos engaiolar"

Apenas iniciada a súa andaina profesional, Margarita Ledo Andión (Castro de Rei, 1951) tivo que 'desaparecer' a causa das súas ideas políticas. Era 1974 e o réxime de Franco estaba nas últimas, pero quen erguía a cabeza máis da conta aínda pagaba as consecuencias. Cruzou o río Miño e exiliouse en Portugal en plena Revolución dos Caraveis. Ao seu regreso a Galicia, participou na posta en marcha do semanario *A Nosa Terra*, do que foi directora entre 1977 e 1980.

Xornalista, catedrática en Comunicación Audiovisual na Universidade de Santiago de Compostela

(USC), escritora, poeta, investigadora e cineasta. A súa é unha carreira de fondo, sempre fiel ao seu modo de enfocar as cousas e a un profundo respecto pola memoria democrática. Esa memoria na que, sobre todo a través do audiovisual, rescata as historias das mulleres que o sistema patriarcal non deixou saír á superficie. O seu filme *Nación* (2020), que dá voz a traballadoras da fábrica de louza Pontesa, recibiu o premio á mellor dirección de película española no Festival de Sevilla e o Mestre Mateo ao mellor documental. A súa última película é *Prefiro condenarme* (2024) e parte da historia dunha ferrolá que é absolta nun xuízo por adulterio durante o franquismo.

En 1983 comeza unha etapa como docente na Universitat Autònoma de Barcelona. Desde Catalunya, desenvolve o proxecto da primeira revista da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega, *Escrita*, e encárgase do deseño gráfico da mítica revista *Festa da Palabra Silenciada*, editada por Feministas Independentes Galegas. No ano 1991 promove a creación da primeira Facultade de Ciencias da Comunicación de Galicia e convértese na súa primeira decana.

Na actualidade, móstrase crítica coa formulación destes estudos superiores. É académica na Real Academia Galega, presidenta de honra da Asociación Galega de Investigadores e Investigadoras en Comunicación e foi madriña da asociación Xornalistas Galegas na súa asemblea fundacional de 2018. Quedamos con ela para esta conversa no seu despacho da facultade, que reflicte á perfección o estado de frenética actividade da súa moradora, nunha mañá de choiva en Compostela.

Cal é o seu primeiro recordo traballando como xornalista profesional?

Pois o primeiro recordo como xornalista profesional xa nun medio foi en *El Ideal Gallego*, porque antes fixen un programa en Radio Lugo, *Galiza sempre,* con Tonina Gay e Lois Diéguez, que era un programa máis de militancia cultural. Teño que dicir que cando eu entro no *Ideal*, a finais do ano 73, e estou só seis meses ata que teño que pasar á clandestinidade en xullo do 74, foi unha especie de pequeno milagre, porque era unha redacción cuns compañeiros realmente moi respectuosos e que me axudaron en todo momento. Eran Gaciño, Luis Pita e Antón López Mariño,

que me ían aprendendo, era como unha rodaxe para facer cousas. Eu xa entro sendo militante, naquel momento da Unión do Povo Galego, xa tiña pasado na Escola de Periodisme en Barcelona por experiencias políticas, sendo representante para a Assemblea de Catalunya, por exemplo, e xa entro cunha actitude que nunca me sentín discriminada. Observada, si. Non había mulleres na redacción, había unicamente unha muller que aparecía de vez en cando e se encargaba duns espazos máis ben dedicados ao que se consideraba "o feminino".

Sociedade e cultura.

Si, exacto. A gran discriminación nese momento, e que durou bastantes anos, estaba en onde se situaba á muller a nivel de espazos informativos. Cando xa traballaba na Universitat Autònoma en Barcelona, saíu o primeiro grande informe de nesgo máis sociolóxico, e claro, a muller aparecía na prensa como peana sempre, como peana a nivel político do marido, que era o político, ou se nos fixamos por como apareciamos seriamos todas ou artistas ou deportistas. Nese sentido, a muller no espazo público, a muller traballadora, digamos, como profesional, non aparecía, non tiña entidade, non era suxeito da información. Creo que aí estaba a gran discriminación que se mantén durante moito tempo.

"A muller no espazo público, a muller traballadora, digamos, como profesional, non aparecía, non tiña entidade, non era suxeito da información"

E que se mantén, mínimo, ata finais do século XX.

Seguro, porque ese informe é dos anos oitenta e ata que aparecen os primeiros protocolos, como a *Declaración de Compostela* do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, que fixo agora vinte anos, que todo o mundo asina pero que ninguén aplica. Unha das constantes no contexto no que estamos.

Con todo, nesa primeira experiencia na redacción de* El Ideal Gallego *non sufriu discriminación. Foi polos compañeiros que lle tocaron?

Polos compañeiros e polo director que había, que era Rafael González, que era de Cristianos polo Socialismo, cousa que non sabía o que era naquel momento. Pero si, polos compañeiros que tiven e pola atmosfera dos anos setenta, que foi sempre moi interesante, xa de gran cambio e antifranquista. Non se repetiu.

Non se repetiu e tampouco puido volver a esa redacción.

É que cando regreso do exilio xa non podo, volvo ao *Ideal*, pero non me dan traballo. Eu non marchara por razóns laborais, marchei por razóns políticas, entón, díxenlle ao director: que tipo de democracia ides construír? Estámola vendo, non?

Xa.

Entón, despois, é cando organizo *A Nosa Terra*, pero é xa un periódico dun modelo moi diferente, cunha liña editorial distinta, con colegas e compañeiros que estaban aínda rematando case todos os seus estudos de xornalismo... E tras isto, nos anos oitenta, durante un ano e pico, mentres son profesora asociada na Autònoma, estiven dirixindo a sección de reportaxes do *Noticiero Universal*, que era un periódico de tarde, pero tamén nun ambiente moi diferente. Xa estamos nun momento de gran respecto polas normas profesionais. Antes de pertencer ao Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia formei parte do Col·legi de Periodistes de Catalunya e daquela comezábase a formar unha sección de mulleres periodistas. Realmente, non podo dicir que a nivel directo me sentise discriminada. En parte, pola miña propia actitude, supoño, porque a túa actitude conta moito. Se ti non lle quitas a pucha ao patrón, como dicía Soutomaior, o patrón non se atreve.

Claro, mais esa actitude ten consecuencias.

Si, que non todo o mundo está preparado ou disposto a asumir. É verdade. Pero cando volvo decátome de que era imposible colaborar cos medios, intenteino sobre todo con revistas de información xeral e de reportaxes que había naquel momento no Estado, por-

que os temas que interesaban eran moi espectaculares e eu non vallo para facer ese tipo de xornalismo. Decateime de que non tiña espazo. Daquela tampouco quería entrar en gabinetes, parecíame un lugar de moita servidume, e é cando me reincorporo á universidade. Opto por outra vía, pero porque xa non teño traballo no xornalismo.

Cando volve á formación non había nada sobre perspectiva de xénero nos currículos oficiais.

Na Autònoma había algo que se chamaba un *feminari,* en lugar de *seminari* [seminario en catalán]. Onde se trataban cuestións que tiñan que ver, obviamente, sobre todo coas mulleres como científicas, como académicas e no espazo público, xerando e producindo coñecemento de calquera tipo. Despois chego ao primeiro que eu coñezo sobre as mulleres na prensa, que é *Mujeres de papel. De Hola a Vogue. La prensa femenina en la actualidad*, de Juana Gallego. Xa hai un ambiente máis próximo neste sentido, pensa que Barcelona é o primeiro lugar do Estado onde se organiza o movemento feminista.

Nese momento, Barcelona iría moi por diante do que pasaba en Galicia neste eido.

Si, pero aquí tamén pasaban cousas. María Xosé Queizán xa estaba escribindo nos setenta *Recuperemos as*



Foto — Festival de cine español de Toulouse: franckalix

mans, e en *A Nosa Terra* publicamos as primeiras cuestións sobre o corpo, o aborto, o dereito de familia ou o divorcio.

Si, pero sempre desde o que agora chamariamos as marxes.

Completamente, si. Pero son as marxes polas que creas fendas, e esas marxes inflúen moito. Naquel momento empezaron a aparecer as primeiras revistas profesionais, que eran de arquitectura ou de cultura. Apareceron as primeiras cuestións sobre ecoloxía e territorio, que pasan despois aos periódicos de referencia. As marxes acabaron converténdose en seccións habituais de suplementos ou magazines. Inflúen tanto as marxes que volvemos poder pronunciar a palabra feminismo, que non se podía pronunciar porque era un estigma. Hai décadas que desaparece, que só se fala de igualdade. Agora reapareceu, pero tamén como un modo de pensamento que se intentou branquear durante un tempo. Todas as banqueiras eran, de pronto, feministas.

"Inflúen tanto as marxes que volvemos poder pronunciar a palabra feminismo"

Desde que volvemos da pandemia da Covid, que o movemento feminista estaba en auxe e lograra fitos importantes como a primeira folga feminista un 8M, parece que se apagou o seu discurso e só se fala de división, cando tamén se podería falar de pluralidade.

Eu creo que o discurso hexemónico está tan calculado que incorpora a división cando lle interesa. No fondo está a idea de que nunca vai ser posible porque "son unhas histéricas". Este caos está calculado, mesmo a nivel xeopolítico. Neste momento, a desinformación é case un absoluto. Eu coido que hai unha cuestión que hai que combater que é o discurso igualitarista, e vouno dicir en serio. O que precisamos é crear espazos de emancipación, liberadores. Ao que se refería Montalbán cando

dicía "pensade quen é o propietario cando entrades nun medio, pero gardade o voso espazo". O feminismo, o que fixo foi erguer moitas cuestións creando o seu propio espazo en paralelo. Eses espazos emancipadores si que poden polinizar as mentalidades e as actitudes. Hai outro termo terrible, no sentido de perigoso, que é o empoderamento das mulleres porque estamos desvirtuando o que é realmente o poder. Por iso, falamos sempre de mudar de modelo, é preciso ter esa consciencia, porque ou se vai a outro modelo ou o único que poderemos é traballar desde as marxes, desde outros espazos.

Intentando sempre chegar á centralidade.

Iso é do que falamos cando nos referimos á visibilidade ou a recuperar a fala. Recuperar o que é teu e que se che nega desde a noite dos tempos. Pero tes que ser consciente de que iso o fas porque constrúes eses espazos, doutra maneira vanche dar un


CARNET DE IDENTIDAD ESCOLAR

FIRMA

3.º CURSO OFICIAL 1971-72

APELLIDOS LEDO ANDION
NOMBRE MARGARITA
NATURAL DE CASTRO DEL REY
PROVINCIA LUGO
FECHA NACIMIENTO 5-2-1951
DOMICILIO MAYOR, 8-9 CASTRO DEL REY (LUGO)
D. N. I. N.º 33.804.628
BARCELONA, 6-XII-1971

EL SECRETARIO
V.º B.º
EL DIRECTOR

recuncho que che retiran cando queiran. É o que pasou durante a pandemia. Non sei se teremos suficiente forza, pero penso que o camiño pasa por non deixarnos engaiolar.

Fala da importancia de empregar correctamente as palabras, algo fundamental en xornalismo e no que quizais está a fallar a formación.

A única universidade que incluía a perspectiva de xénero de maneira transversal en todos os programas era a Autònoma, tamén o fixo así a Carlos III. Tamén se recomenda na Universidade de Santiago de Compostela, pero non se aplica, pasa un pouco como co galego: hai un incumprimento absoluto. Na Facultade de Comunicación hai moi pouca conciencia, só hai que ir aos programas. Preocúpame que socialmente se traslade a mensaxe de que as mulleres xa temos demasiados dereitos, que son unhas pesadas... Rexurdiu moito o machismo entre rapaces e rapazas, igual que o feminismo aumentou entre os rapaces. Non é unha cuestión biolóxica, dígoo sempre nas aulas, é unha cuestión de toma de conciencia e posición.

Falta o espazo para o debate sobre a perspectiva feminista nas facultades, mais tamén nas redaccións, que é algo que estamos botando en falta as e os profesionais en exercicio. Non hai onde formular dúbidas á hora de enfrontar a cobertura dunha determinada información, por exemplo sobre agresións sexuais.

Como estou fóra da profesión non teño datos da mecánica de todo isto, pero véxoo nos fotógrafos. No momento en que ti obrigas a alguén a facer fotos en cinco lugares diferentes nunha mesma mañá, é que non pode pensar a foto. No momento en que separas as redaccións da materia carnal, é dicir, da rúa, é que non che dá tempo. Hai un problema de precarización que inflúe en como fas a información, e esa precarización afecta sobre todo ao tempo no que enfocas a entrada nesa materia da que vas informar. Iso vaise consolidando como unha rutina profesional e acabas esquecendo realmente que estás entrando na pobreza informativa e mesmo comunicativa –no sentido do que estás dicindo coas palabras que usas– moi radical. É un perigo que hai que confrontar.

Hai algo que quixera mudar cando entrou como decana na Facultade de Ciencias da Comunicación e que se lograse?

O que se conseguiu naqueles anos, aínda estabamos en Mazarelos, foi que a propia Facultade estivese moi nutrida de todo o que acontecía, tiñamos actividades constantes internas e cara a fóra. Iso desapareceu, os espazos da Facultade agora alúganse a terceiros, para entendernos; e se montas unha sesión de cine non vai ninguén ou se traes a Ignacio Ramonet tes que insistir para que vaian. Antes había sinerxías e relacións entre unhas materias e outras, e actividades que tiñan moito que ver co mundo de fóra, porque o xornalismo non existe sen o exterior, pásalle o mesmo que á fotografía.

Outro punto é que as materias teóricas e prácticas eran impartidas polas mesmas persoas e iso foise perdendo. Se te responsabilizas da teoría tes que facelo tamén de como iso se aplica. No momento no que iso se separa, como está agora que veñen da TVG dar a parte práctica, non funciona nunca. Pero é o sistema, converter a xente en especialista en non se sabe que, e que non teña a capacidade para relacionar. A comunicación é pór en relación elementos diferentes; no momento no que iso racha, acabouse. Non se pode crear especialistas nun área concreta se iso non ten que ver con todo o proceso, e iso foi o que se conseguiu: alguén é moi bo en redes sociais, pero non sabe nada do resto.

Así se acaba coa crítica?

Rómpese a relación con todo o real e a capacidade, por tanto, de ter unha distancia crítica sobre como informas e para quen. Non é moi alentador, pero é así.

Pois aí estaremos, dando a batalla.

Si, a nós o que non nos falta é o optimismo.